XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO "O FSE invirte no teu futuro"
IES XOGRAR AFONSO GÓMEZ DE SARRIA
Ánxel Fole S/N, 27600 Sarria (Lugo)
Tlf;982870801 Fax 982870827
ies.xograr.afonso@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/iesxograrafonso
CENTRO CARDIOPROTEXIDO

| **Materia: LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º ESO** | **Curso:2023-2024** |
|---|---|

## METODOLOXÍA

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible baseándose nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego.

## CUALIFICACIÓN

1. **Criterios de cualificación.**

Á hora de cualificar cada un dos trimestres teranse en conta, ademais das probas de actividades feitas polo alumnado, a atención na clase, a participación nos traballos e proxectos que se lles encomenden, o interese, o respecto e o seu esforzo persoal. Obteranse, deste modo, moitos puntos de referencia para as cualificacións finais.

| Procedemento de avaliación | Observacións | Ponderación |
|---|---|---|
| **Probas escritas** | - Poderase realizar unha proba ou varias, por avaliación.<br>-Servirán para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita), da competencia gramatical e da competencia literaria.<br>- En caso de haber varias probas, a nota para aplicar esta porcentaxe será a media das cualificacións obtidas en cada unha delas.<br>- Será puntuada de 0 a 10 puntos. | **60%** |
| **Libro de lectura** | - Cada trimestre o alumnado lerá, fóra da aula e de xeito autónomo, unha obra co obxectivo de enriquecer a calidade lingüística do alumnado e fomentar o pracer de ler.<br>- Esta tarefa poderá ser avaliada a través dunha proba escrita, dun traballo ( cómic, booktube, álbum ilustrado, infografía…) un coloquio, unha entrevista coa persoa docente… | **10%** |
| **Expresión oral e escrita** | - Teranse en conta as intervencións espontáneas na aula, as exposicións de oratoria improvisada, as exposicións planificadas froito de traballos propostos polo profesorado, así como lectura en voz alta na aula.<br>- Avaliaranse a través de Rúbricas, mediante o Diario de Aula e a través da observación directa na aula.<br>- Traballos de expresión escrita, teóricas ou prácticos, individuais ou grupais, manuscritos ou en formato dixital. | **20%** |

| | | |
|---|---|---|
| | - Farase unha media entre todas as actividades solicitadas. | |
| **Caderno** | - O caderno deberá estar a disposición do profesorado que o pode solicitar en calquera momento.<br>- Avaliarase mediante unha Rúbrica ou Escala de Valores. | **10%** |

**ACLARACIÓNS**

- Para o cálculo da nota de cada avaliación teranse en conta as porcentaxes correspondente e redondearase á alta cando o resultado final sexa igual ou superior a 0.7. ( Exemplo: 5.75 ou 5.85 equivale a 6 )
- A nota final de curso será a media ponderada das tres avaliacións parciais: 1ª avaliación: 25%; 2ª avaliación: 35% e 3ª avaliación: 40%.
- En caso de que a media das tres avaliacións sexa suficiente para acadar o aprobado final, o alumnado poderá redondear a súa cualificación ao enteiro inmediatamente superior, a partir de decimais iguais ou superiores a 0.50. (Exemplo: 6,5 ou 6.7 equivalería a 7 ).
- Na corrección de exames e traballos escritos, teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos: claridade, coherencia e cohesión textual, ademais de orde, presentación e limpeza. Os exames serán realizados con bolígrafo azul ou negro.
- Terase en conta a corrección lingüística, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. (-0,2, faltas moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico do galego; -0,1, faltas graves, solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica, e -0,05 faltas leves, resto de faltas ). Do mesmo xeito, poderase descontar ata 0,5 puntos por unha deficiente presentación do exame ou traballo.
- Se unha persoa copia nun exame, retiraráselle o exame e este será cualificado cun cero. Se é sorprendido copiando na proba final da convocatoria ordinaria a materia quedará suspensa ata a convocatoria extraordinaria. Calquera proba escrita poderá considerarse suspensa, o que implicaría unha cualificación de 0 (cero), se existe constancia de que o alumno copiou mediante procedementos deshonestos ("*chuletas*", intercambio de exames, uso do móbil ou calquera outro dispositivo informático ou electrónico). No caso de non ter constancia pero si sospeitas fundadas de que todo ou parte do exame foi copiado (incongruencias, faltas de coherencia na redacción, respostas a cuestións teóricas literais, realización de preguntas diferentes ás propostas, contraste entre cuestións teóricas perfectas fronte a exercicios prácticos ou comentarios de texto en branco ou moi deficientes…), o profesor poderá decidir que o alumno repita a proba ou que esta sexa substituída por unha proba oral que inclúa os mesmos contidos.
- Tamén se poderá esixir unha proba oral aos alumnos cuxos exames resulten dificilmente comprensibles ou ilexibles a causa dunha presentación e/ou caligrafía notablemente deficientes.
- De non acudir a unha proba escrita, só se repetirá se o alumnado presenta en prazo, a xustificación pertinente ou de deber inescusable, de carácter público ou privado para a non asistencia á proba. A data da proba será fixada polo profesor da materia.

## 2. Recuperación de probas non superadas

Cada proba non é mais que un dos múltiples procedementos, cos instrumentos correspondentes, de avaliación, polo que non se considera necesario recuperala de forma individualizada. Tendo en conta pois, que os contidos que se traballan ao longo do curso teñen un desenvolvemento continuo, **non se realizarán probas de recuperación trimestral**.

Aquel alumnado que non acade o aprobado, despois de terlle realizado a media correspondente, realizará unha proba final escrita ou traballo de recuperación na que se examinará dos contidos non superados ao longo do curso. Redondearase á alta cando a cualificación final sexa igual ou superior a 0.5.

Sarria, a 15 de setembro de 2023

A xefa de departamento

Asdo: Mª Carmen Vivero González

**Materia: LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º ESO** | **Curso:2023-2024**

## METODOLOXÍA

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible baseándose nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego.

## CUALIFICACIÓN

1. **Criterios de cualificación.**

Á hora de cualificar cada un dos trimestres teranse en conta, ademais das probas de actividades feitas polo alumnado, a atención na clase, a participación nos traballos e proxectos que se lles encomenden, o interese, o respecto e o seu esforzo persoal. Obteranse, deste modo, moitos puntos de referencia para as cualificacións finais.

| Procedemento de avaliación | Observacións | Ponderación |
|---|---|---|
| **Probas escritas** | - Poderase realizar unha proba ou varias, por avaliación.<br><br>-Servirán para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita), da competencia gramatical e da competencia literaria.<br><br>- En caso de haber varias probas, a nota para aplicar esta porcentaxe será a media das cualificacións obtidas en cada unha delas. | **60%** |
| **Libro de lectura** | - Cada trimestre o alumnado lerá, fóra da aula e de xeito autónomo, unha obra co obxectivo de enriquecer a calidade lingüística do alumnado e fomentar o pracer de ler.<br><br>- Esta tarefa poderá ser avaliada a través dunha proba escrita, dun traballo ( cómic, booktube, álbum ilustrado, infografía…) un coloquio, unha entrevista coa persoa docente… | **10%** |
| **Expresión oral e escrita** | - Teranse en conta as intervencións espontáneas na aula, as exposicións de oratoria improvisada, as exposicións planificadas froito de traballos propostos polo profesorado, así como lectura en voz alta na aula.<br><br>- Avaliaranse a través de Rúbricas, mediante o Diario de Aula e a través da observación directa na aula.<br><br>-Traballos de expresión escrita, teóricas ou prácticos, individuais ou grupais, manuscritos ou en formato dixital. | **20%** |

| | | |
|---|---|---|
| | -Farase unha media entre todas as actividades solicitadas. | |
| **Caderno** | - O caderno deberá estar a disposición do profesorado que o pode solicitar en calquera momento.<br>- Avaliarase mediante unha Rúbrica ou Escala de Valores. | **10%** |

**ACLARACIÓNS**

- Para o cálculo da nota de cada avaliación teranse en conta as porcentaxes correspondente e redondearase á alta cando o resultado final sexa igual ou superior a 0.7. ( Exemplo: 5.75 ou 5.85 equivale a 6 )
- A nota final de curso será a media ponderada das tres avaliacións parciais: 1ª avaliación: 25%; 2ª avaliación: 35% e 3ª avaliación: 40%.
- En caso de que a media das tres avaliacións sexa suficiente para acadar o aprobado final, o alumnado poderá redondear a súa cualificación ao enteiro inmediatamente superior, a partir de decimais iguais ou superiores a 0.50. (Exemplo: 6,5 ou 6.7 equivalería a 7 ).
- Na corrección de exames e traballos escritos, teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos: claridade, coherencia e cohesión textual, ademais de orde, presentación e limpeza. Os exames serán realizados con bolígrafo azul ou negro.
- Terase en conta a corrección lingüística, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. (-0,2, faltas moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico do galego; -0,1, faltas graves, solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica, e -0,05 faltas leves, resto de faltas ). Do mesmo xeito, poderase descontar ata 0,5 puntos por unha deficiente presentación do exame ou traballo.
- Se unha persoa copia nun exame, retiraráselle o exame e este será cualificado cun cero. Se é sorprendido copiando na proba final da convocatoria ordinaria a materia quedará suspensa ata a convocatoria extraordinaria. Calquera proba escrita poderá considerarse suspensa, o que implicaría unha cualificación de 0 (cero), se existe constancia de que o alumno copiou mediante procedementos deshonestos ("*chuletas*", intercambio de exames, uso do móbil ou calquera outro dispositivo informático ou electrónico). No caso de non ter constancia pero si sospeitas fundadas de que todo ou parte do exame foi copiado (incongruencias, faltas de coherencia na redacción, respostas a cuestións teóricas literais, realización de preguntas diferentes ás propostas, contraste entre cuestións teóricas perfectas fronte a exercicios prácticos ou comentarios de texto en branco ou moi deficientes…), o profesor poderá decidir que o alumno repita a proba ou que esta sexa substituída por unha proba oral que inclúa os mesmos contidos.
- Tamén se poderá esixir unha proba oral aos alumnos cuxos exames resulten dificilmente comprensibles ou ilexibles a causa dunha presentación e/ou caligrafía notablemente deficientes.
- De non acudir a unha proba escrita, só se repetirá se o alumnado presenta en prazo, a xustificación pertinente ou de deber inescusable, de carácter público ou privado para a non asistencia á proba. A data da proba será fixada polo profesor da materia.

**2. Recuperación de probas non superadas**

Cada proba non é mais que un dos múltiples procedementos, cos instrumentos correspondentes, de avaliación, polo que non se considera necesario recuperala de forma individualizada. Tendo en conta pois, que os contidos que se traballan ao longo do curso teñen un desenvolvemento continuo, **non se realizarán probas de recuperación trimestral**.

Aquel alumnado que non acade o aprobado, despois de terlle realizado a media correspondente, realizará unha proba final escrita ou traballo de recuperación na que se examinará dos contidos non superados ao longo do curso. Redondearase á alta cando a cualificación final sexa igual ou superior a 0.5.

Sarria, a 15 de setembro de 2023
A xefa de departamento
Asdo: Mª Carmen Vivero González

| **Materia: LINGUA GALEGA E LITERATURA 3º ESO** | **Curso:2023-2024** |
|---|---|

## METODOLOXÍA

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible baseándose nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego.

## CUALIFICACIÓN

1. **Criterios de cualificación.**

Á hora de cualificar cada un dos trimestres teranse en conta, ademais das probas de actividades feitas polo alumnado, a atención na clase, a participación nos traballos e proxectos que se lles encomenden, o interese, o respecto e o seu esforzo persoal. Obteranse, deste modo, moitos puntos de referencia para as cualificacións finais.

| Procedemento de avaliación | Observacións | Ponderación |
|---|---|---|
| **Probas escritas** | - Poderase realizar unha proba ou varias, por avaliación.<br><br>-Servirán para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita), da competencia gramatical e da competencia literaria.<br><br>- En caso de haber varias probas, a nota para aplicar esta porcentaxe será a media das cualificacións obtidas en cada unha delas.<br><br>- Será puntuada de 0 a 10 puntos. | **70%** |
| **Libro de lectura** | - Cada trimestre o alumnado lerá, fóra da aula e de xeito autónomo, unha obra co obxectivo de enriquecer a calidade lingüística do alumnado e fomentar o pracer de ler. | **10%** |

| | | |
|---|---|---|
| | - Esta tarefa poderá ser avaliada a través dunha proba escrita, dun traballo ( cómic, booktube, álbum ilustrado, infografía…) un coloquio, unha entrevista coa persoa docente… | |
| **Expresión oral e escrita** | - Teranse en conta as intervencións espontáneas na aula, as exposicións de oratoria improvisada, as exposicións planificadas froito de traballos propostos polo profesorado, así como lectura en voz alta na aula.<br>- Avaliaranse a través de Rúbricas, mediante o Diario de Aula e a través da observación directa na aula.<br>- Traballos de expresión escrita, teóricas ou prácticos, individuais ou grupais, manuscritos ou en formato dixital.<br>-Farase unha media entre todas as actividades solicitadas. | **20%** |

**ACLARACIÓNS**

- Para o cálculo da nota de cada avaliación teranse en conta as porcentaxes correspondente e redondearase á alta cando o resultado final sexa igual ou superior a 0.7. ( Exemplo: 5.75 ou 5.85 equivale a 6 )
- A nota final de curso será a media aritmética das tres avaliacións parciais.
- En caso de que a media das tres avaliacións sexa suficiente para acadar o aprobado final, o alumnado poderá redondear a súa cualificación ao enteiro inmediatamente superior, a partir de decimais iguais ou superiores a 0.50. (Exemplo: 6,5 ou 6.7 equivalería a 7 ).
- Na corrección de exames e traballos escritos, teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos: claridade, coherencia e cohesión textual, ademais de orde, presentación e limpeza. Os exames serán realizados con bolígrafo azul ou negro.
- Terase en conta a corrección lingüística, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. (-0,2, faltas moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico do galego; -0,1, faltas graves, solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica, e -0,05 faltas leves, resto de faltas ). Do mesmo xeito, poderase descontar ata 0,5 puntos por unha deficiente presentación do exame ou traballo.
- Se unha persoa copia nun exame, retirarásellle o exame e este será cualificado cun cero. Se é sorprendido copiando na proba final da convocatoria ordinaria a materia quedará suspensa ata a convocatoria extraordinaria. Calquera proba escrita poderá considerarse suspensa, o que implicaría unha cualificación de 0 (cero), se existe constancia de que o alumno copiou mediante procedementos deshonestos ("*chuletas*", intercambio de exames, uso do móbil ou calquera outro dispositivo informático ou electrónico). No caso de non ter constancia pero si sospeitas fundadas de que todo ou parte do exame foi copiado (incongruencias, faltas de coherencia na redacción, respostas a cuestións teóricas literais, realización de preguntas diferentes ás propostas, contraste entre cuestións teóricas

perfectas fronte a exercicios prácticos ou comentarios de texto en branco ou moi deficientes…), o profesor poderá decidir que o alumno repita a proba ou que esta sexa substituída por unha proba oral que inclúa os mesmos contidos.

- Tamén se poderá esixir unha proba oral aos alumnos cuxos exames resulten dificilmente comprensibles ou ilexibles a causa dunha presentación e/ou caligrafía notablemente deficientes.
- De non acudir a unha proba escrita, só se repetirá se o alumnado presenta en prazo, a xustificación pertinente ou de deber inescusable, de carácter público ou privado para a non asistencia á proba. A data da proba será fixada polo profesor da materia.

**2. Recuperación de probas non superadas**

Cada proba non é mais que un dos múltiples procedementos, cos instrumentos correspondentes, de avaliación, polo que non se considera necesario recuperala de forma individualizada. Tendo en conta pois, que os contidos que se traballan ao longo do curso teñen un desenvolvemento continuo, **non se realizarán probas de recuperación trimestral**.

Aquel alumnado que teña algunha avaliación suspensa deberá presentarse a unha proba final da/s avaliación/s non superada/s. De xeito excepcional, aquel alumnado que teña unha única avaliación suspensa cunha cualificación igual ou superior a 4, quedará eximido de recuperar esta avaliación no exame final. O exame final será semellante aos que se realizaron ao longo do curso. Redondearase á alta cando a cualificación final sexa igual ou superior a 0.5.

Sarria, a 15 de setembro de 2023
A xefa de departamento

Asdo: Mª Carmen Vivero González

| Materia: LINGUA GALEGA E LITERATURA 4º ESO | Curso:2023-2024 |
|---|---|

## METODOLOXÍA

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible baseándose nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego.

## CUALIFICACIÓN

1. **Criterios de cualificación.**

Á hora de cualificar cada un dos trimestres teranse en conta, ademais das probas de actividades feitas polo alumnado, a atención na clase, a participación nos traballos e proxectos que se lles encomenden, o interese, o respecto e o seu esforzo persoal. Obteranse, deste modo, moitos puntos de referencia para as cualificacións finais.

| Procedemento de avaliación | Observacións | Ponderación |
|---|---|---|
| **Probas escritas** | - Poderase realizar unha proba ou varias, por avaliación.<br>-Servirán para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita), da competencia gramatical e da competencia literaria.<br>- En caso de haber varias probas, a nota para aplicar esta porcentaxe será a media das cualificacións obtidas en cada unha delas.<br>- Será puntuada de 0 a 10 puntos. | **70%** |
| **Libro de lectura** | - Cada trimestre o alumnado lerá, fóra da aula e de xeito autónomo, unha obra co obxectivo de enriquecer a calidade lingüística do alumnado e fomentar o pracer de ler. | **10%** |

| | | |
|---|---|---|
| | - Esta tarefa poderá ser avaliada a través dunha proba escrita, dun traballo ( cómic, booktube, álbum ilustrado, infografía…) un coloquio, unha entrevista coa persoa docente… | |
| **Expresión oral  e escrita** | - Teranse en conta as intervencións espontáneas na aula, as exposicións de oratoria improvisada, as exposicións planificadas froito de traballos propostos polo profesorado, así como lectura en voz alta na aula.<br><br>- Avaliaranse  a través de Rúbricas, mediante o Diario de Aula e a través da observación directa na aula.<br><br>- Traballos de expresión escrita, teóricas ou prácticos, individuais ou grupais, manuscritos ou en formato dixital.<br><br>-Farase unha media entre todas as actividades solicitadas. | **20%** |

**ACLARACIÓNS**

- Para o cálculo da nota de cada avaliación teranse en conta as porcentaxes correspondente e redondearase á alta cando o resultado final sexa igual ou superior a 0.7. ( Exemplo: 5.75 ou 5.85 equivale a 6 )
- A nota final de curso será a media aritmética das tres avaliacións parciais.
- En caso de que a media das tres avaliacións sexa suficiente para acadar o aprobado final, o alumnado poderá redondear a súa cualificación ao enteiro inmediatamente superior, a partir de decimais iguais ou superiores a 0.50. (Exemplo: 6,5 ou 6.7 equivalería a 7 ).
- Na corrección de exames e traballos escritos, teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos: claridade, coherencia e cohesión textual, ademais de orde, presentación e limpeza. Os exames serán realizados con bolígrafo azul ou negro.
- Terase en conta a corrección lingüística, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. (-0,2, faltas moi graves: solucións alleas ao sistema lingüístico do galego; -0,1, faltas graves, solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica, e -0,05 faltas leves, resto de faltas ). Do mesmo xeito, poderase descontar ata 0,5 puntos por unha deficiente presentación do exame ou traballo.
- Se unha persoa copia nun exame, retiraráselle o exame e este será cualificado cun cero. Se é sorprendido copiando na proba final da convocatoria ordinaria a materia quedará suspensa ata a convocatoria extraordinaria. Calquera proba escrita poderá considerarse suspensa, o que implicaría unha cualificación de 0 (cero), se existe constancia de que o alumno copiou mediante procedementos deshonestos ("*chuletas*", intercambio de exames, uso do móbil ou calquera outro dispositivo informático ou electrónico).  No caso de non ter constancia pero si sospeitas fundadas de que todo ou parte do exame foi copiado (incongruencias, faltas de coherencia na redacción, respostas a cuestións teóricas literais, realización de preguntas diferentes ás propostas, contraste entre cuestións teóricas

perfectas fronte a exercicios prácticos ou comentarios de texto en branco ou moi deficientes…), o profesor poderá decidir que o alumno repita a proba ou que esta sexa substituída por unha proba oral que inclúa os mesmos contidos.

- Tamén se poderá esixir unha proba oral aos alumnos cuxos exames resulten dificilmente comprensibles ou ilexibles a causa dunha presentación e/ou caligrafía notablemente deficientes.
- De non acudir a unha proba escrita, só se repetirá se o alumnado presenta en prazo, a xustificación pertinente ou de deber inescusable, de carácter público ou privado para a non asistencia á proba. A data da proba será fixada polo profesor da materia.

**2. Recuperación de probas non superadas**

Cada proba non é mais que un dos múltiples procedementos, cos instrumentos correspondentes, de avaliación, polo que non se considera necesario recuperala de forma individualizada. Tendo en conta pois, que os contidos que se traballan ao longo do curso teñen un desenvolvemento continuo, **non se realizarán probas de recuperación trimestral**.

Aquel alumnado que teña algunha avaliación suspensa deberá presentarse a unha proba final da/s avaliación/s non superada/s. De xeito excepcional, aquel alumnado que teña unha única avaliación suspensa cunha cualificación igual ou superior a 4, quedará eximido de recuperar esta avaliación no exame final. O exame final será semellante aos que se realizaron ao longo do curso. Redondearase á alta cando a cualificación final sexa igual ou superior a 0.5.

Sarria, a 15 de setembro de 2023

A xefa de departamento

Asdo: Mª Carmen Vivero González

| **Materia: LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º BAC** | **Curso:2023-2024** |
|---|---|

## METODOLOXÍA

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible baseándose nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego.

## CUALIFICACIÓN

1. **Criterios de cualificación.**

Á hora de cualificar cada un dos trimestres teranse en conta, ademais das probas de actividades feitas polo alumnado, a atención na clase, a participación nos traballos e proxectos que se lles encomenden, o interese, o respecto e o seu esforzo persoal. Obteranse, deste modo, moitos puntos de referencia para as cualificacións finais.

| Procedemento de avaliación | Observacións | Ponderación |
|---|---|---|
| **Probas escritas** | - Poderase realizar unha proba ou varias, por avaliación.<br><br>-Servirán para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita), da competencia gramatical e da competencia literaria.<br><br>- En caso de haber varias probas, a nota para aplicar esta porcentaxe será a media das cualificacións obtidas en cada unha delas.<br><br>- Será puntuada de 0 a 10 puntos. | **70%** |
| **Libro de lectura** | - Cada trimestre o alumnado lerá, fóra da aula e de xeito autónomo, unha obra co obxectivo de enriquecer a calidade lingüística do alumnado e fomentar o pracer de ler.<br><br>- Esta tarefa poderá ser avaliada a través dunha proba | **10%** |

| | | |
|---|---|---|
| | escrita, dun traballo ( cómic, booktube, álbum ilustrado, infografía…) un coloquio, unha entrevista coa persoa docente… | |
| **Expresión escrita e oral** | - Teranse en conta as intervencións espontáneas na aula, así como as exposicións orais planificadas ou improvisadas. Ademais, avaliaranse os traballos de expresión escrita, teóricos ou prácticos, individuais ou grupais, manuscritos ou en formato dixital, realizados polo alumnado.<br>- Avaliaranse a través de Rúbricas e mediante o Diario de Aula a través da observación directa. Farase unha media aritmética de todas as actividades realizadas. | **20%** |

**ACLARACIÓNS**

- Para o cálculo da nota de cada avaliación teranse en conta as porcentaxes correspondente e redondearase á alta cando o resultado final sexa igual ou superior a 0.7. ( Exemplo: 5.75 ou 5.85 equivale a 6 )
- Na corrección de exames e traballos escritos, teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos:
  - Claridade e coherencia nos razoamentos.
  - Orde, presentación e limpeza. Os exames serán realizados con bolígrafo azul ou negro. Non se permite a utilización do lapis.
  - Só se considerará unha proba escrita aprobada se a puntuación chega a 5.
  - Terase en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Do mesmo xeito, poderase descontar ata 0,5 puntos por unha deficiente presentación do exame ou traballo.

    As faltas poden ser:

    - Moi graves: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0’2 puntos c/u.
    - Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0’1 c/u.
    - Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0’05 puntos c/u.
- Se unha persoa alumna é collida copiando nun exame, retiraráselle o exame e este será cualificado cun cero. Se é sorprendido copiando na proba final da convocatoria ordinaria a materia quedará suspensa ata a convocatoria extraordinaria. Calquera proba escrita poderá considerarse suspensa, o que implicaría unha cualificación de 0 (cero), se existe constancia de que o alumno copiou mediante procedementos deshonestos (“*chuletas*”, intercambio de exames, uso do móbil ou calquera outro dispositivo informático ou electrónico).

- No caso de non ter constancia pero si sospeitas fundadas de que todo ou parte do exame foi copiado (incongruencias, faltas de coherencia na redacción, respostas a cuestións teóricas literais, realización de preguntas diferentes ás propostas, contraste entre cuestións teóricas perfectas fronte a exercicios prácticos ou comentarios de texto en branco ou moi deficientes…), o profesor poderá decidir que o alumno repita a proba ou que esta sexa substituída por unha proba oral que inclúa os mesmos contidos.
- Tamén se poderá esixir unha proba oral aos alumnos cuxos exames resulten dificilmente comprensibles ou ilexibles a causa dunha presentación e/ou caligrafía notablemente deficientes.
- De non acudir a unha proba escrita, só se lle repetirá a mesma, a aqueles alumnos que presenten en prazo, xustificación médica ou de deber inescusable, de carácter público ou privado para a non asistencia a dita proba. A data da proba será fixada polo profesor da materia.

**2. Recuperación de probas non superadas**

Cada proba non é mais que un dos múltiples procedementos , cos instrumentos correspondentes, de avaliación, polo que non se considera necesario recuperala de forma individualizada. Tendo en conta pois, que os contidos que se traballan ao longo do curso teñen un desenvolvemento continuo, **non se realizarán probas de recuperación trimestral en 1º BAC**. A final de curso, en caso de non ter a materia aprobada, o alumno terá que realizar unha proba de recuperación final no mes de xuño na que se examinará dos contidos que non superou.

Realizarase a media aritmética das tres avaliacións, **sempre e cando teña todas as avaliacións superadas** e tendo en conta a nota de cada unha das avaliacións sen redondeo.

Aquel alumnado que teña algunha avaliación suspensa deberá presentarse a unha proba final da/s avaliación/s non superada/s. De xeito excepcional, aquel alumnado que teña unha única avaliación suspensa cunha cualificación igual ou superior a 4, quedará eximido de recuperar esta avaliación no exame final. O exame final será semellante aos que se realizaron ao longo do curso. Redondearase á alta cando a cualificación final sexa igual ou superior a 0.5.

Se o alumno ou alumna non acadou o aprobado na avaliación ordinaria deberá presentarse a unha proba extraordinaria no mes de xuño; esta proba versará sobre os contidos traballados e terá unha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso. A cualificación será a nota obtida nesa proba, tendo en conta o redondeo explicado anteriormente.

**3. Avaliación extraordinaria.**

O único procedemento para recuperar a cualificación negativa obtida na avaliación final ordinaria é a realización dunha proba escrita no mes de xuño. A cualificación será a nota obtida en dita proba.

Sarria, a 15 de setembro de 2023

A xefa de departamento

Asdo: Mª Carmen Vivero González

| **Materia: LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º BAC** | **Curso:2023-2024** |
|---|---|

## METODOLOXÍA

O principal propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. A metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible baseándose nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais.

Outra cuestión a ter en conta é o traballo da oralidade, pois en boa parte dos casos o uso da lingua polos rapaces e rapazas queda relegado a unha práctica ritual forzada polas clases de Lingua Galega e as outras materias que se imparten obrigatoriamente en galego.

## CUALIFICACIÓN

1. **Criterios de cualificación.**

Á hora de cualificar cada un dos trimestres teranse en conta, ademais das probas de actividades feitas polo alumnado, a atención na clase, a participación nos traballos e proxectos que se lles encomenden, o interese, o respecto e o seu esforzo persoal. Obteranse, deste modo, moitos puntos de referencia para as cualificacións finais.

| Procedemento de avaliación | Observacións | Ponderación |
|---|---|---|
| **Probas escritas** | - Poderase realizar unha proba ou varias, por avaliación.<br><br>- Servirán para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita), da competencia gramatical e da competencia literaria.<br><br>- En caso de haber varias probas, a nota para aplicar esta porcentaxe será a media das cualificacións obtidas en cada unha delas.<br><br>- Será puntuada de 0 a 10 puntos.<br><br>- Ao non haber libro de lectura no terceiro trimestre, a porcentaxe asignada a esta proba, engádese a este apartado de probas escritas. | **70% ( 1ª e 2ª avaliación ) 80% ( 3ª avaliación )** |

| | | |
|---|---|---|
| **Libro de lectura** | **-** Cada trimestre o alumnado lerá, fóra da aula e de xeito autónomo, unha obra co obxectivo de enriquecer a calidade lingüística do alumnado e fomentar o pracer de ler.<br><br>- Esta tarefa poderá ser avaliada a través dunha proba escrita, dun traballo ( cómic, booktube, álbum ilustrado, infografía…) un coloquio, unha entrevista coa persoa docente… | **10%** |
| **Expresión escrita e oral** | - Teranse en conta as intervencións espontáneas na aula, así como as exposicións orais planificadas ou improvisadas. Ademais, avaliaranse os traballos de expresión escrita, teóricos ou prácticos, individuais ou grupais, manuscritos ou en formato dixital, realizados polo alumnado.<br>- Avaliaranse a través de Rúbricas e mediante o Diario de Aula a través da observación directa. Farase unha media aritmética de todas as actividades realizadas. | **20%** |

**ACLARACIÓNS**

- Para o cálculo da nota de cada avaliación teranse en conta as porcentaxes correspondente e redondearase á alta cando o resultado final sexa igual ou superior a 0.7. ( Exemplo: 5.75 ou 5.85 equivale a 6 )
- Na corrección de exames e traballos escritos, teranse en conta e valoraranse os seguintes criterios, tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos:
  - ➢ Claridade e coherencia nos razoamentos.
  - ➢ Orde, presentación e limpeza. Os exames serán realizados con bolígrafo azul ou negro. Non se permite a utilización do lapis.
  - ➢ Só se considerará unha proba escrita aprobada se a puntuación chega a 5.
  - ➢ Terase en conta a corrección lingüística do exame, polo que sobre a cualificación global se poderá descontar ata un máximo de 2 puntos por erros. Do mesmo xeito, poderase descontar ata 0,5 puntos por unha deficiente presentación do exame ou traballo.

    As faltas poden ser:

    - Moi graves: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0’2 puntos c/u.

    - Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0’1 c/u.

    - Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0’05 puntos c/u.
- Se unha persoa alumna é collida copiando nun exame, retiraráselle o exame e este será

cualificado cun cero. Se é sorprendido copiando na proba final da convocatoria ordinaria a materia quedará suspensa ata a convocatoria extraordinaria. Calquera proba escrita poderá considerarse suspensa, o que implicaría unha cualificación de 0 (cero), se existe constancia de que o alumno copiou mediante procedementos deshonestos ("*chuletas*", intercambio de exames, uso do móbil ou calquera outro dispositivo informático ou electrónico).

- No caso de non ter constancia pero si sospeitas fundadas de que todo ou parte do exame foi copiado (incongruencias, faltas de coherencia na redacción, respostas a cuestións teóricas literais, realización de preguntas diferentes ás propostas, contraste entre cuestións teóricas perfectas fronte a exercicios prácticos ou comentarios de texto en branco ou moi deficientes…), o profesor poderá decidir que o alumno repita a proba ou que esta sexa substituída por unha proba oral que inclúa os mesmos contidos.
- Tamén se poderá esixir unha proba oral aos alumnos cuxos exames resulten dificilmente comprensibles ou ilexibles a causa dunha presentación e/ou caligrafía notablemente deficientes.
- De non acudir a unha proba escrita, só se lle repetirá a mesma, a aqueles alumnos que presenten en prazo,  xustificación médica ou de deber inescusable, de carácter público ou privado para a non asistencia a dita proba. A data da proba será fixada polo profesor da materia.

**2. Recuperación de probas non superadas**

Cada proba non é mais que un dos múltiples procedementos , cos instrumentos correspondentes, de avaliación, polo que non se considera necesario recuperala de forma individualizada. Tendo en conta pois, que os contidos que se traballan ao longo do curso teñen un desenvolvemento continuo, **non se realizarán probas de recuperación trimestral en 1º BAC**. A final de curso, en caso de non ter a materia aprobada, o alumno terá que realizar unha proba de recuperación final no mes de xuño na que se examinará dos contidos que non superou.

Realizarase a media aritmética das tres avaliacións, **sempre e cando teña todas as avaliacións superadas** e tendo en conta a nota de cada unha das avaliacións sen redondeo.
Aquel alumnado que teña algunha avaliación suspensa deberá presentarse a unha proba final da/s avaliación/s non superada/s. De xeito excepcional, aquel alumnado que teña unha única avaliación suspensa cunha cualificación igual ou superior a 4, quedará eximido de recuperar esta avaliación no exame final. O exame final será semellante aos que se realizaron ao longo do curso. Redondearase á alta cando a cualificación final sexa igual ou superior a 0.5.

Se o alumno ou alumna non acadou o aprobado na avaliación ordinaria deberá presentarse a unha proba extraordinaria no mes de xuño; esta proba versará sobre os contidos traballados e terá unha estrutura similar ás realizadas ao longo do curso. A cualificación será a nota obtida nesa proba, tendo en conta o redondeo explicado anteriormente.

**3. Avaliación extraordinaria.**

O único procedemento para recuperar a cualificación negativa obtida na avaliación final ordinaria é a realización dunha proba escrita no mes de xuño. A cualificación será a nota obtida en dita proba.

Sarria, a 19 de setembro de 2023

A xefa de departamento

Asdo: Mª Carmen Vivero González